

Ven 1 > Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre

Praza do Concello | 22.30

Axúdame a sentir

A programación do verán continúa homenaxeando a tradición oral cun artista ben recoñecido na nosa terra e un dos nomes propios da música de raíz galega: Xabier Díaz. *Axúdame a sentir* é o seu último traballo, que publica coas Adufeiras de Salitre en colaboración con músicos de diversa índole, dando lugar a un concerto que agocha o máis puro sentir de Xabier, que sempre ten presente ás mulleres tocadoras que sosteron a nosa música e que agora herda con amor o seu compromiso e talento. Neste concerto contaremos con moitas sorpresas que farán sentir ao público máis ca nunca a nosa tradición oral.

Colabora:  Deputación DA CORUÑA



Ven 8 > Alana

Praza do Concello | 22.30

O xeito á cántigha

Un dos grupos revelación en Galicia, Alana, composto por tres músicos bergantiñáns: Antía Vázquez (voz e pandeireta), Eloy Vidal (teclado, guitarra e voz) e Pablo Castro (percusións e gaita) presentarán o seu primeiro disco *O xeito á cántigha*. A música tradicional mesturada con ritmos de base electrónica e pop é un dos seus sinais de identidade, xunto coa posta en valor das recollidas a moitas mulleres e homes que desinteresadamente contribúen a preservar a riqueza da nosa música.

Colabora:  Deputación DA CORUÑA



Xov 14 > As Sircópatas

Xardín Municipal | 20.30

Rogelio 3. La fête

Que pasaría se ninguén viñera ao teu aniversario? Rogelio volve a estar sen amigos no seu día máis especial, queres acompañalo? Espectáculo de comedia para toda a familia, no que o pallaso Rogelio volve a traer o seu mundo de circo cheo de malabares, música, clown e, sobre todo, moito humor.

Colabora:  Deputación DA CORUÑA



Ven 22 > Canta miña compañeira...

Praza do Concello | 21.30

Festival de música e baile tradicional

Banda Municipal de Gaitas, AC Arume de Berdillo, AC Nemeth, Cantareiras de San Campio de Cances, Coro Aires de Bergantiños e Escola do Alprende de Oza

Este ano no que en Carballo homenaxeamos intensamente ás cantareiras e á poesía popular oral, as nosas agrupacións musicais realizarán un festival de música e baile tradicional no que a muller tocadora será a protagonista, unha homenaxe ás nosas cantareiras. A posta en valor da música de transmisión oral é parte do noso compromiso para preservar e difundir este patrimonio inmaterial tan importante no noso concello e na comarca de Bergantiños.



+ INFO



Cultura Carballo
www.carballo.gal



No caso de predición de choiva, as actuacións previstas na Praza do Concello poderán trasladarse ao Pazo da Cultura ou á Praza de Abastos e a entrada será libre, limitada ao aforo do auditorio do Pazo ou da Praza. Informarase coa máxima antelación posible.



CONCELLARÍA
DE CULTURA



Verán Cultural

CARBALLO 2025



Xullo

Do 10 ao 13 > Plíc! Praza dos libros

Xardín Municipal | Todo o día

Feira da creatividade cultural

Catro días para gozar de actividades para todas as idades arredor do libro e a lectura: presentacións literarias, concertos, sinaturas de libros, obradoiros para todas as idades,... Ademais con cada compra teredes un 10% de desconto e posibilidade de agasallos.

* Véxase o programa específico desta feira.

Organiza: Concillería de Bibliotecas. Colaboran: Fundación Luís Calvo Sanz e Muebles Luís



Ven 11 > Mago Antón

Praza do Concello

13.00 / 17.00 / 18.30 / 20.00

50 (1975-2025)

O Mago Antón celebrará no seu magomóbil os seus 50 anos sobre os escenarios cun espectáculo que reúne as súas mellores interpretacións e novas ilusións, explorando sempre os límites do imposible. Habrá 4 sesións ao longo de todo o día, con aforo limitado a 70 espectadores por función. A reserva das entradas poderá facerse en <https://billeteira.carballo.gal>.



Colabora:  Deputación DA CORUÑA

Mér 16 > As Neves * CINE

Praza do Concello | 22.30

As Neves é unha pequena vila de montaña na que todos se coñecen. A noite de Entroido, tras celebrar unha festa, un grupo de adolescentes espertan coa noticia da desaparición dunha das rapazas do grupo. Comeza así unha investigación que cambiará as súas vidas. Unha das películas galegas máis importantes deste ano, dirixida pola galega Sonia Méndez, que foi premiada como Mellor Longametraxe nos Mestre Mateo 2025.



Ven 18 > Mondra

Praza do Concello | 22.30

De ronda

De ronda é o novo traballo do cantareiro e bailarín Mondra, un dos artistas máis destacados do actual panorama musical en Galicia. Un novo son, orgánico e fresco, para once cancións moito máis persoais e íntimas, á vez que irreverentes e desenfadadas, pero sempre sen perder as raíces na tradición oral galega. A sexualidade, o amor propio, a comunidade, a celebración e o valor da mocidade seducirán ao público grazas á música ao vivo, á danza e a unha sofisticada posta en escena.



Colabora:  Deputación DA CORUÑA

Xov 24 > De Ninghures

Praza do Concello | 22.30

Feira

De Ninghures regresa a Carballo co seu novo disco *Feira*, unha evolución sonora que conta con máis experimentación electrónica, sen perder a esencia e medrando en identidade, onde fusionan coplas e melodías populares con ritmos e inspiracións doutras culturas. Son unha das bandas referentes da potente e rica escena do folk galego actual que, ao igual que as feiras populares, se transformaron co tempo, este grupo fai o mesmo coa tradición, actualizala. Acaban de gañar o premio Martín Códax á música folk.



Colabora:

 Deputación DA CORUÑA

Patrocina:

Fundación **Luis Calvo Sanz**

Mér 30 > Aula de Teatro Municipal

Praza interior Fórum | 20.30 h | Quixotada

Os cómicos da legua percorren camiños, rúas e prazas co obxectivo de representar *O Quixote*. Chegan cargados de ilusión, talento... e algún que outro despiste. Porque hai un pequeno problema: algún dos actores faltou aos ensaios e non ten moi claro o que ten que facer. Unha comedia dirixida por Alba Bermúdez, da compañía Galeatro, chea de humor, enxeño e amor polas táboas, con moitos equívocos, improvisacións e retransca, para sacar adiante a obra de Cervantes.

NOITES DE CINE



Xullo

+ Cuñados

Mércores 9 | 22.30

RAZO (Praia)

90' / Recomendada +12 anos / Comedia

As Neves

Mércores 16 | 22.30

XARDÍN MUNICIPAL

83' / Recomendada +12 / Drama

Familia Benetón

Mércores 23 | 22.30

PRAZA DE SAN

CRISTOVO

93' / Recomendada +7 / Comedia

Menudas piezas

Mércores 30 | 22.30

CANCES

(Campo da Capela)

98' / Recomendada +12 anos / Comedia

AC San Campio-Cances

O soño da sultana

Xoves 31 | 22.30

LEMA (Local social)

86' / Recomendada +7 / Película de animación

AC Ría de Lema

Agosto

Amigos

imaginarios

Mércores 6 | 22.00

PRAZA DO CHORÍS

104' / Todos os públicos / Comedia familiar

El hotel de los líos.

García y García 2

Xoves 7 | 22.00

SÍSAMO

90' / Todos os públicos / Comedia

AAVV San Apóstolo de Sísamo

Padre no hay más que

uno 4: Campanas de

boda

Mércores 13 | 22.00

BALDAIO

(Pedra do Sal)

99' / Todos os públicos / Comedia familiar

AC Castro de Lema

Gru 4, mi villano

favorito

Mércores 20 | 22.00

SOFÁN-PRAZA

95' / Todos os públicos / Película de animación

A. Mulleres Rurais San Salvador-Sofán

Los Mitchell contra las máquinas

Xoves 21 | 22.00

ENTRECRUCES (Local social)

110' / Todos os públicos / Animación

AAVV San Xes de Entrecrucés

Setembro

Odio el verano

Xoves 4 | 21.30

PRAZA DA MILAGROSA

103' / Todos os públicos / Comedia

ACD Milagrosa



FESTAS DE VERÁN



Xullo

10 e 11

San Cristovo LEMA

13 O Socorro e Santo

Antón A BREA

16 Nosa Señora do

Carme - A Piña SOFÁN

19 Sta. María

Magdalena

ALDEMUNDE

20 O Carme SÍSAMO

25, 26 e 27 Santiago

Apóstolo SÍSAMO

Agosto

3 O Carme NOICELA

4 e 5 O Perpetuo

Socorro ARTES

6, 7 e 8

San Salvador SOFÁN

9 Santa Fátima -

Paradela SOFÁN

10 Santo Antón -

Prearada SOFÁN

10, 11 e 12 San

Laurenzo VERDILLO

14, 15 e 16

Santa María BÉRTOA

15, 16 e 17

Santa María RUS

29, 30 e 31 Virxe de

Lourdes e San Ramón

XOANE

31 San Ramón

NOICELA

Setembro

5, 6 e 7 A Milagrosa

CARBALLO

7 e 8 Os Milagres en

San Sadurniño RUS

8 Os Milagres ARTES

16 Santa Eufemia

BÉRTOA

20 Santa Eufemia RUS

20 e 21 Santa Irene

LEMA

21 San Mateo RUS

28 San Miguel VILELA

29 O Sacramento

VILELA

Ata o 15 de xullo

A ETÉREA FRAXILIDADE

HUMANA

Exposición colectiva

Milagros Cotel, Cristina Castro, Isabel Soutullo, XMN (Maribel Castiñeira), Loli España, Jesús ArtÉxtaxis e Mon Lendoiro.

Sala Exposicións 3º andar do Pazo da Cultura, de 17.00 h a 20.30 h

5 de xullo

XX ROMARÍA GALEGA

A Imende-Noicela, 18.00 h

Organiza: ADCR Baldaio

Colabora: Concello de Carballo

2 de agosto

XXVII FESTA DO MEXILLÓN

Santa Irene, 19.00 h

Organiza: AC O Castro de Lema

Colabora: Concello de Carballo

23 de agosto

XXV FESTA DO

BERBERECHO

A Imende-Noicela, 13.00 h

Organiza: ADCR Baldaio

Colabora: Concello de Carballo

30 de agosto

XXI FESTA DO PICHORRO

Escola unitaria, 20.00 h

Organiza: AC San Campio de Cances.

Colabora: Concello de Carballo